

MEMORIA PROA+ 2023/24

1. Identificación do centro (código, nome e localidade) e da persoa docente (nome, apelidos e DNI).

Centro: CEIP Virxe do Rocío, Vigo. Código do centro: 36010009

Docente: Paula Pérez Aboal. DNI 77479098X

2. Organización e desenvolvemento do programa (alumnado beneficiario do reforzo, distribución horaria, coordinación co equipo docente, participación da familia...).

O centro atópase inscrito no **Programa PROA+**, regulado na **Resolución do 14 de xuño 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupéra-T no marco do Plan Recupera.

Este programa tivo por obxectivo lograr o éxito escolar de todo o alumnado, facendo especial fincapé naquel en situación de vulnerabilidade educativa.

O Programa PROA+ desenvolveuse no noso centro nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º dentro da aula ordinaria, onde a totalidade do alumnado se puido beneficiar. A pesar disto, formulouse especialmente para o alumnado máis vulnerable, sendo un total de **30 alumnos e alumnas de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria**. A distribución do alumnado foi a seguinte:

CURSO	3º de EP	4º de EP	5º de EP	6º de EP
Nº alumnado que recibe apoio da docente PROA+	8	4	11	7

O curso de 5º de EP foi o que máis horas de apoio recibiu dados os numerosos casos de alumnado con dificultades, recibindo en total 5h semanais. En 3º leváronse a cabo un total de 3h, en 6º desenvóléronse un total de 2h de reforzo e en 4º, 1h semanal.

O apoio tivo lugar, en todos os cursos, nas materias de Lingua Castelán (LCL) e Matemáticas. Excepcionalmente, dúas horas en 5º foron destinadas a materia de Ciencias Naturais.

A distribución horaria por cursos foi a seguinte:

	MARTES	MÉRCORES	XOVES
9:00 a 9:50	3°EP (matemáticas)	3°EP (matemáticas)	3°EP (LCL)
9:50 a 10:40	5°EP (C. Naturais)	6°EP (LCL)	5°EP (C. Naturais)
10:40 a 11:30	_____	Coordinación DO	6°EP (matemáticas)
11:30 a 12:00	_____	RECREO	RECREO
12:00 a 12:20	_____	HORA DE LER	HORA DE LER
12:20 a 13:10	_____	5°EP (matemáticas)	5°EP (LCL)
13:10 a 14:00	_____	5°EP (matemáticas)	4°EP (LCL)
16:00 a 18:00	Horario non lectivo. Tempo de permanencia no centro		

A **coordinación**, tanto co profesorado titor e de área dos respectivos curso, como co Departamento de orientación e o equipo directivo foi boa, levándose a cabo diferentes intercambios de información periódicos.

3. Metodoloxía empregada.

O desenvolvemento do programa consistiu, principalmente, no reforzo educativo dentro das diferentes aulas ordinarias, favorecendo así a súa inclusión no seu grupo - aula, tal e como establece a Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. Deste xeito, a metodoloxía utilizada foi a do profesorado de área en cada caso, onde de maneira xeral resalta a seguinte:

- **Traballo por equipos cooperativos**, todas as clases do centro traballan por grupos cooperativos nos que cada alumno/a desempeña un rol. Os equipos modifícanse trimestralmente para que estes roles vaian cambiando.
- **Uso das TIC como elemento motivador**, débese sinalar que os cursos de 5° e 6° están inscritos ao programa Edixgal.
- **Uso da tutoría entre iguais.**
- **Aprendizaxes vinculadas coa vida diaria.**

- **Traballo individualizado**, adaptado ás características e necesidades de cada alumno/ así como aos seus intereses.

Baixo esta metodoloxía, as **funcións** da profesora encargada do programa foron:

- Resolver dúbidas sobre os contidos traballados e as actividades formuladas na aula.
- Verificar que o alumnado segue e comprende as explicacións dos/as docentes.
- Reforzar as explicacións aos alumnos/as que así o requirisen.
- Propoñer materiais específicos adaptados ás diferentes características.
- Apoiar individualmente aos alumnos/as cando foi necesario.
- Realizar apoios nas diferentes probas de avaliación.
- Colaborar co profesorado de área e coa xefatura do Departamento de orientación nas cuestións requiridas.

4. Grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos, atendendo aos seguintes indicadores:

Para o desenvolvemento deste programa formuláronse os seguintes **obxectivos**:

- Mellorar o rendemento académico do alumnado participante no programa por medio do reforzo educativo.
- Reducir as barreiras de aprendizaxes.
- Contribuír á mellora das competencias clave formuladas para a etapa de educación primaria.
- Favorecer a inclusión do alumnado máis vulnerable.
- Mellorar o clima de aula.

En base a estes obxectivos, analízanse os seguintes **indicadores de logro** a través das porcentaxes de mellora no logro académico dos 26 estudantes que participaron neste programa PROA+. Analizaranse os datos para cada indicador facendo referencia aos datos de cada curso:

- a) **Porcentaxe de alumnado implicado que mellora o seu rendemento académico nas materias obxecto do reforzo (1-100)**

Analízase a continuación a porcentaxe de alumnado participante no programa tendo en conta quen mellora o seu rendemento, quen o mantén ou quen o empeora:

3° de Educación Primaria

3° EDUCACIÓN PRIMARIA			
(TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:8)			
	MELLORA	IGUAL	EMPEORA
LINGUA CASTELÁN	8	0	0
MATEMÁTICAS	7	1	0

No caso de 3° de EP os resultados son moi positivos, case a totalidade do alumnado participante mellora os resultados nas materias e o restante é quen de manter o seu rendemento igual que ao principio de curso. O porcentaxe respecto as áreas é o seguinte:

En Lingua Castelán:

- O 100% do alumnado é quen de mellorar o seu rendemento académico.

En Matemáticas:

- O 87,5% do alumnado é quen de mellorar o seu rendemento académico.
- Só un 12,5% do alumnado é quen de manter o seu rendemento académico con respecto ao inicio de curso.
- Ningún alumno/a empeora os seus resultados.

4° de Educación Primaria

4° EDUCACIÓN PRIMARIA			
(TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:4)			
	MELLORA	IGUAL	EMPEORA
LINGUA CASTELÁN	4	0	0

O grupo de 4° de Educación Primaria presenta unha mellora significativa na totalidade das áreas. En relación coa área no que se presenta apoio directo da especialista de PROA + pódese observar un progreso cualitativo, sendo a totalidade do alumnado que recibe apoio con este programa quen de mellorar o seu rendemento académico. Polo tanto, a porcentaxe é:

En Lingua Castelán:

- O 100% do alumnado é quen de mellorar o seu rendemento académico.
- Ningún alumno/a empeora os seus resultados.

5° de Educación Primaria

5° EDUCACIÓN PRIMARIA (TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:11)			
	MELLORA	IGUAL	EMPEORA
LINGUA CASTELÁN	8	3	0
MATEMÁTICAS	7	4	0
C. NATURAIS	5	4	2

O grupo de 5° de Educación Primaria é un grupo numeroso, cun total de 25 alumnos/as que contan cun amplo número de alumnado con NEAE e outras dificultades. Ademais, é un grupo que non ten unha cohesión grupal axeitada. Tendo en conta estas características, considéranse **positivos** os resultados acadados grazas ao programa PROA+ e a outras medidas de apoio recibidas, quedando as porcentaxes do seguinte xeito:

En Lingua Castelá:

- O 72,7% do alumnado é quen de mellorar o seu rendemento académico.
- O 27,3% do alumnado é quen de manter os seus resultados con respecto ao inicio de curso.
- Ningún alumno/a empeora os seus resultados.

En Matemáticas:

- O 63,6% do alumnado é quen de mellorar o seu rendemento académico.
- O 36,4% do alumnado é quen de manter os seus resultados con respecto ao inicio de curso.
- Ningún alumno/a empeora os seus resultados.

En Ciencias Naturais:

- O 45,4% do alumnado é quen de mellorar o seu rendemento académico.
- O 36,4% do alumnado é quen de manter os seus resultados con respecto ao inicio de curso.
- O 18,2% do alumnado empeora os seus resultados académicos.

6° de Educación Primaria

6° EDUCACIÓN PRIMARIA (TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:7)			
	MELLORA	IGUAL	EMPEORA
LINGUA CASTELÁN	5	2	0
MATEMÁTICAS	4	3	0

No caso de 6ºEP os resultados son positivos, en todas as materias parte do alumnado mellora os resultados e o restante é quen de manter o seu rendemento igual que ao inicio de curso. Destacar que ningún dos alumnos/as participantes deste curso empeora os seus resultados académicos. O porcentaxe respecto as áreas é o seguinte:

En Lingua Castelán

- O 71,4% do alumnado mellora o seu rendemento nesta materia.
- O 28,6% do alumnado é quen de manter os seus resultados con respecto ao inicio de curso.
- Ningún alumno/a empeora os seus resultados.

En Matemáticas

- O 57,1% do alumnado mellora o seu rendemento nesta materia.
- O 42,9% do alumnado é quen de manter os seus resultados con respecto ao inicio de curso.
- Ningún alumno/a empeora os seus resultados.

b) Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto do reforzo na avaliación final (1-100)

Os datos que se mostran a continuación, respecto ao alumnado que aproba as materias obxecto de reforzo refírense á avaliación final, resultante da media das tres avaliacións:

3º de Educación Primaria

3º EDUCACIÓN PRIMARIA		
(TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:8)		
	APROBA	SUSPENDE
LINGUA CASTELÁN	8	0
MATEMÁTICAS	7	1

Nas materias impartidas no curso de 3º, a porcentaxe de aprobados é maior que o de suspensos polo que consideramos positivos os resultados do Programa.

Lingua Castelán

- **Aproba o 100%**
- **Suspende o 0%**

Matemáticas:

- **Aproba o 87,5%**
- Suspende o 12,5%

4° de Educación Primaria

4° EDUCACIÓN PRIMARIA (TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:4)		
	APROBA	SUSPENDE
LINGUA CASTELÁN	4	0

No curso de 4° de EP, os resultados acadados son especialmente bos na materia de lingua castelán, onde a totalidade do alumnado participante do programa consegue superar a materia. **Aproba o 100%**.

5° de Educación Primaria

5° EDUCACIÓN PRIMARIA (TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:11)		
	APROBA	SUSPENDE
LINGUA CASTELÁN	10	1
MATEMÁTICAS	6	5
C. NATURAIS	8	3

Lingua Castelán

- **Aproba o 90,9%**
- Suspende o 9,1%

Matemáticas

- **Aproba o 54,5%**
- Suspende o 45,5%

Ciencias Naturais

- **Aproba o 72,7%**
- Suspende o 27,3%

O apoio recibido polo programa PROA+ resultou positivo e beneficioso para o alumnado, malia este grupo precisa máis apoio durante o curso escolar para alcanzar os obxectivos na totalidade do alumnado.

6º de Educación Primaria

6º EDUCACIÓN PRIMARIA		
(TOTAL ALUMNOS PROGRAMA PROA +:7)		
	APROBA	SUSPENDE
LINGUA CASTELÁN	5	2
MATEMÁTICAS	4	3

Nas materias impartidas no curso de 6º, a porcentaxe de aprobados é maior que o de suspensos polo que consideramos positivos os resultados do Programa. Aínda así, dous/dúas alumnos/alumnas non conseguen promocionar ao curso seguinte, permanecendo un ano máis no mesmo curso, contando co correspondente Plan específico de reforzo.

Lingua Castelán

- **Aproba o 71,4%**
- **Suspende o 28,5%**

Matemáticas

- **Aproba o 57,1%**
- **Suspende o 42,8%**

Analizando os datos a nivel xeral, tendo en conta os catro cursos, o 89,3% aproba a materia de Lingua Castelán. O 62,5% aproba a área de Matemáticas, e o 66,6% aproba a área de C. Naturais.

c) Grao de satisfacción do centro educativo e docentes co proxecto e traballo desenvolto.

A totalidade do equipo docente (100%) móstrase satisfeito co desenvolvemento do programa e cos resultados acadados. Ademais, o Departamento de Orientación amosa o seu visto bo ao transcurso do mesmo. Sen embargo, ven recomendable a dispoñibilidade dunha persoa a xornada completa.

d) Grao de satisfacción do alumnado e familias co programa desenvolto.

Todas as familias (100%) están satisfeitas cos resultados obtidos grazas ao programa PROA+.

As persoas responsables da avaliación do alumnado foi o profesorado de cada área. Non se realizou ningunha avaliación diferenciada do alumnado participante do programa PROA+. Entre as **técnicas** de avaliación máis utilizadas por este profesorado están a observación directa, a análise das producións do alumnado ou intercambio de información, utilizando para elo diferentes **instrumentos** como probas tipo test, probas de desenvolvemento, exposicións orais, xogos como Kahoot, elaboración de maquetas, etc.

A persoa responsable do programa participou na avaliación destes alumnos/as e colaborou co profesorado na recollida de información acerca do progreso do alumnado inscrito no programa.

Propostas de mellora

- Contar co apoio do profesorado PROA+ dende setembro para que poida participar na avaliación inicial e colaborar coa xefatura do departamento de orientación na organización da docencia da apoio, así como a súa presenza ata finalizar o curso.
- Eliminar a redución de xornada no horario do profesorado de PROA+ por ser insuficiente e destinar ao programa unha xornada completa.
- Ofrecer unha maior formación do profesorado que leva a cabo os programas de reforzo.

En Vigo, a 15 de xuño de 2024

Asdo.: o/a docente PROA+

Selo do centro

Asdo.: o/a directora